



XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DA PROVINCIA DE LUGO 09/03/22

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Houbo algunha pequena modificación co que se aprobará na vindeira xuntanza.

2.- Transformación e traslado de ensinanzas nos IES Val do Asma e Lama das Quendas de Chantada.

A xefa territorial informa de que non sabe nada de xeito oficial. Textualmente dixo que a contestación de Santiago foi “estamos analizando a oferta de FP”.

O informe que enviou a Santiago foi contrario á transformación posto que o alumnado que hai a día de hoxe, entre os dous centros, está en torno a 50 – 60 e non ve ben reestruturar dous centros para ter un CIFP con tan pouco alumnado.

Por outra banda hai informacións que falan de que houbo unha xuntanza coa dirección do IES Val do Asma onde se falou de facer oferta modular para, así, atraer máis alumnado ao centro.

Coma sempre, se se vai facer esa transformación xa imos tarde para facer a reestruturación de ámbolos dous centros.

Coma acontece, cando non se fan as cousas no tempo e forma axeitadas, houbo algún destino definitivo de mestres que se acadou neste último concurso de traslados e, se tivese lugar a transformación, ese destino recién acadado, tería que suprimirse con toda probabilidade.

8.- Varios:

➤ o STEG traslada a xefa territorial a fonda preocupación do futuro desenvolvemento da Lomloe en canto á implantación do “Bacharelato Xeral” na nosa provincia. É, claramente, unha boa opción para o alumnado posto que, en moitas ocasións, aínda non teñen claro o itinerario que queren seguir a estudar. Preguntou se xa están decididos os lugares onde se vai implantar, ao que contestou que a xefatura territorial enviou a Santiago un informe coa relación dos centros que poderían acoller ese bacharelato con todas as garantías de espazo físico, profesorado, etc., que non tiña esa relación no momento da xuntanza e que, en todo caso, será Santiago o que decidirá en virtude do informe e do desenvolvemento que se faga, a nivel autonómico, da norma estatal.

O STEG, en todo caso, exige que se deau unha oferta suficiente para que o alumnado non teña que desprazarse grandes distancias.

➤ ANPE comenta que habería que solicitar as xubilacións á xefatura de inspección.